



# **BASES DE PARTICIPACIÓN 13ª EDICIÓN**

**FEIRA CREATIVA DE AGASALLOS DE NADAL**

**ZONA SOLIDARIA**

**ZONA FOODTRUCK**



## **O MERCADO DA ESTRELA – 13ª EDICIÓN**

O **Mercado da Estrela** é un festival de Nadal onde as persoas emprendedoras de Galicia mostran o froito do seu traballo nas vésperas das festas para que disfrutemos das súas mimadas creacións, pezas, produtos, elaboracións e composicións durante o evento, ou as convirtamos en orixinais e innovadores agasallos adquiridos baixo o selo de #talentogalego no centro neurálxico de Santiago de Compostela para as apertas, os reencontros e os brindes previos a Noiteboa.

Case un centenar de marcas de artesanía, moda e complementos, deseño, edición, fotografía e ilustración, xogos e xoguetes, mobiliario e decoración, produtos enogastronómicos, últimas tendencias e moito máis, nunha feira creativa contemporánea que completa a súa proposta con foodtrucks, postos de restauración e un atractivo programa de concertos, sesións picadiscos, actividades familiares, e obradoiros deseñados para gozar da creatividade e do tempo compartido.

Un festival urbán de balde que reparte os seus contidos entre diferentes espazos de destacado valor histórico e patrimonial de Santiago de Compostela, para redescubrilos a través dun percorrido que permite coñecer a impresionante riqueza arquitectónica e cultural desta cidade Patrimonio da Humanidade, mentres se disfruta do animado ambiente que caracteriza ao festival e se descubre o traballo creador das persoas artesás, creadoras, produtoras e emprendedoras de Galicia.

Agardamos a túa participación para celebrar o Nadal e o talento galego na 13ª edición do Mercado da Estrela!

**[#agasallatalentogalego](#) [#apoiaotalentogalego](#) [#desfrutaotalentogalego](#)**

**[#mercadodadaestrela](#) [#santiagodecompostela](#) [#imosfaceronadal](#)**

**[#compostelaestreladonadal](#)**





## Cales son os diferentes contidos do Mercado da Estrela en 2024?

- **Feira Creativa de Agasallos de Nadal no mosteiro de San Mariño Pinarío** ([Claustro Procesional do Seminario Maior en San Martiño Pinarío](#) e [Hospedaría de San Martiño Pinarío](#)): Feira de Talentos Galegos para a visibilización do traballo de marcas galegas, empresas, e persoas creadoras, produtoras, artesás e artistas. *As marcas interesadas nesta categoría poden solicitar praza na feira a través das presentes bases de participación.*

Ademais:

**Espazo familiar** no Salón Peregrinos da Hospedaría de San Martiño Pinarío con actividades gratuítas de gardería-ludoteca, xogos xigantes, obradoiros creativos e pequenas actuacións infantís

**Zona solidaria** no Salón Peregrinos da Hospedaría de San Martiño Pinarío con postos non lucrativos de entidades solidarias destinadas a visibilizar obxectivos con especial necesidade de atención. *As persoas representantes de entidades solidarias interesadas nesta categoría poden solicitar praza neste espazo a través das presentes bases de participación.*

**Fotomatón Estreleiro** no claustro de San Martiño Pinarío para as persoas que teñan efectuado compras no Mercado da Estrela



## BASES DE PARTICIPACIÓN 13ª EDICIÓN



Fotografías do claustro procesional de San Martiño Pinario en edicións pasadas do Mercado da Estrela:



## BASES DE PARTICIPACIÓN 13ª EDICIÓN



## BASES DE PARTICIPACIÓN 13ª EDICIÓN



Fotografías da Hospedaría de San Martiño Pinario en edicións pasadas do Mercado da Estrela:



## BASES DE PARTICIPACIÓN 13ª EDICIÓN



## BASES DE PARTICIPACIÓN 13ª EDICIÓN



- Bus Estreleiro con actividades e bebidas quentes e frías de Nadal



## BASES DE PARTICIPACIÓN 13ª EDICIÓN




- **Zona Foodtruck con vehículos de comida e sesión picadiscos.** *As marcas interesadas nesta categoría poden solicitar praza neste espazo a través das presentes bases de participación.*



## BASES DE PARTICIPACIÓN 13ª EDICIÓN



- Pista do CX Don Bosco con xogos e programación musical de balde





## FEIRA CREATIVA DE AGASALLOS DE NADAL

---

### Participación na Feira Creativa do 13º Mercado da Estrela

Poden participar nesta categoría **empresas, marcas e persoas creadoras, produtoras, emprendedoras, artesás e artistas**. As localizacións a ocupar nesta categoría serán a Hospedería de San Martiño Pinario e o claustro procesional do mosteiro de San Martiño Pinario, espazos que, dentro da medida do posible, e tendo en conta as súas particulares características patrimoniais, se acondicionarán para o evento procurando facer o máis agradable posible a participación na feira de marcas expositoras e público.

A **cota de participación** para estes espazo e tipoloxía establécese en **239,66€ + IVE = 290 €** pola participación na Feira Creativa de Agasallos de Nadal do 13º Mercado da Estrela, con emprego dunha **estrutura de madeira ("árbore" ou "casiña") + unha mesa de 1,80m (longo) x 0,70m (ancho) + unha cadeira + un mantel + unha cartela**, prestadas pola Organización, que as marcas deberán empregar, de xeito obrigatorio, durante as xornadas de Mercado da Estrela para expoñer e vender as súas creacións, pezas, produtos, coleccións, elaboracións ou proxectos en exposición, de xeito que se consiga unha uniformidade estética que achegue un plus de vistosidade ao conxunto, Estes elementos serán devoltos á Organización no mesmo estado que se entregaron ao finalizar a feira.

*Os obradoiros artesanais incluídos no rexistro oficial de Artesanía da Xunta de Galicia deberán facelo constar no formulario de preinscrición no momento de solicitar praza para abrir a posibilidade de que algúns deles poidan beneficiarse da colaboración do Mercado da Estrela coa Fundación Pública Artesanía de Galicia.*

Preinscrición para marcas expositoras de cara á Feira Creativa na Hospedaría de San Martiño Pinario e no Claustro Procesional de San Martiño Pinario no seguinte [FORMULARIO](https://forms.gle/RrMfFA6JcHS2yXX69):

<https://forms.gle/RrMfFA6JcHS2yXX69>



## **Os horarios da Feira Creativa**

### **\* Venres 13 de decembro de 2024:**

Mediodía: montaxe por parte das marcas expositoras nos stands asignados pola Organización (entre as 15:30h e as 17:00h aproximadamente).

Tarde: apertura ao público de 17:00h a 21:00h.

### **\*Sábado 14 de decembro de 2024:**

Apertura ao público de 11:00h a 21:00h ininterrompidamente.

### **\*Domingo 15 de decembro de 2024:**

Apertura ao público de 11:00h a 21:00h ininterrompidamente.

Noite: desmontaxe de stands de 21:00h a 22:00h aproximadamente.

## **Criterios de selección**

De cara á escolla de marcas expositoras para a Feira Creativa, a Organización priorizará de forma xeral os seguintes criterios:


- O feito de ser marcas galegas que acheguen pezas, produtos, creacións e elaboracións deseñadas e/ou producidas en Galicia.
- A calidade da proposta no seu concepto, filosofía, materiais, proceso e resultado.
- O carácter creativo, contemporáneo e innovador da proposta.
- A identidade, orixinalidade, persoalidade e carácter diferenciador da proposta.
- A condición de ser marcas con pezas e produtos de deseño e/ou produción propia.
- A diversidade e heteroxeneidade de disciplinas, estilos, categorías de pezas e produtos, sectores representados e target das marcas na selección final dos espazos, de forma que o abano sexa o máis diverso e atractivo posible para todo tipo de visitantes e preferencias.
- A exclusividade e/ou novidade das pezas e coleccións a exhibir e vender no 13º Mercado da Estrela en relación a outros puntos de venda na cidade e/ou presentes xa en edicións anteriores da iniciativa.

## BASES DE PARTICIPACIÓN 13ª EDICIÓN



**ESTRUTURA EXPOSITIVA EN FORMA DE “ESTANTERÍA - CASIÑA” + MESA DE 1,80m x 0,70 m + CADEIRA + MANTEL + CARTELA CO NOME DA MARCA.** A superficie total que as marcas expositoras desta categoría poderán ocupar na zona asignada para eles, será de 2m de ancho e 1,5m de profundidade aproximadamente, incluíndo nestas dimensións o stand e calquera outro posible elemento complementario que, previa consulta á Organización, se confirme que poden incorporar as marcas expositoras

- Alto estrutura casiña: 1,93 m
- Ancho estrutura casiña: 1,20 m
- Baldas:
  - o Tres baldas grandes de 0,57 m x 0,27 m
  - o Seis baldas pequenas de 0,27 m x 0,27 m
  - o Profundidade das baldas: 0,25 m



## BASES DE PARTICIPACIÓN 13ª EDICIÓN



**ESTRUTURA EXPOSITIVA EN FORMA DE “ESTANTERÍA - ABETO” + MESA DE 1,80 m x 0,70 m + CADEIRA + CARTELA CO NOME DA MARCA** A superficie total que as marcas expositoras desta categoría poderán ocupar na zona asignada para eles, será de 2m de ancho e 1,5m de profundidade aproximadamente, incluíndo nestas dimensións o stand e calquera outro posible elemento complementario que, previa consulta á Organización, se confirme que poden incorporar.

- Alto estrutura abeto: 1,90 m
- Baldas estrutura abeto:
  - o Distancia entre baldas: 22,5 cm
  - o Profundidade: 25 cm
  - o Cinco baldas de 90 cm, 71 cm, 64 cm, 45,5 cm e 16,5 cm de longo, aproximadamente, cada unha delas.





## Lista de agarda

As marcas inscritas que realicen a súa preinscrición e non resulten elixidas nunha primeira escolla, pasarán formar parte dunha lista de agarda a través da cal poderán ser convocadas a participar, se así o desexan, no caso de producirse algunha baixa ou cancelación no listado orixinal de marcas seleccionadas. Nesta lista de agarda, tomaranse como referencia novamente os criterios anteriores, procurando que o conxunto final de marcas expositoras sexa heteroxéneo, interesante, fresco, atractivo, innovador, sorprendente, representativo e de calidade.





## **Condicións para a exposición**

- 1) As persoas expositoras representantes das marcas seleccionadas, deberán acatar e respectar escrupulosamente estas bases de participación, a cordialidade, o ánimo colaborativo e as indicacións que se acheguen dende a Organización antes e durante o evento. No caso de que algunha persoa expositora non respecte ditas bases e/ou indicacións, ou non manteña unha actitude colaborativa, será convidada a abandonar a actividade para preservar o bo transcurso da iniciativa, sen contar coa posibilidade, dado este caso, de solicitar a devolución da cota de participación.
- 2) A Organización resérvase o dereito de pedir, nas semanas previas ao evento, que as marcas seleccionadas presenten documentación complementaria se resultara necesario, e de trasladar ampliacións, correccións ou modificacións que completen e/ou melloren estas bases de participación, velando polo positivo e idóneo desenvolvemento do Mercado da Estrela.
- 3) As marcas seleccionadas trasladarán á Organización un listado de persoas posibles que poderán substituír á persoa responsable ante calquera imprevisto, incidencia, accidente ou baixa médica sobrevida que poida impedir que a persoa expositora acuda ao evento. Esta previsión permitirá que as marcas non se vexan obrigadas a cancelar a súa participación en caso de enfermidade u outras incidencias sobrevidas, e se garanta así a súa presenza nesta 13ª edición.
- 4) No caso de que o evento, a Feira Creativa ou as presentes zonas de exposición, cancelasen a súa materialización, as marcas expositoras recibirán de volta o importe previamente ingresado e relativo á cota de participación do espazo cancelado de non existir posibilidade de reubicación.
- 5) Na medida do posible, os espazos acondicionaránse para facer agradable a participación de marcas e visitantes. Aínda así, a estación do ano é fría e húmida, circunstancias que farán apropiado que as persoas expositoras acudan ao evento abrigadas por tantas capas textís como necesiten para lograr unha temperatura corporal confortable, adecuada a súa persoal sensación de confort.
- 6) O número de conta onde as marcas solicitantes deberán ingresar o importe correspondente á cota de participación será facilitado ás seleccionadas por correo electrónico para que estas poidan realizar a transferencia bancaria correspondente chegado o seu momento. Este importe non será devolto ás marcas expositoras que decidan cancelar a súa participación unha vez realizada a transferencia.
- 7) A Organización remitirá ás marcas expositoras unha factura correspondente ao total dos custos de participación cos datos fiscais completos aportados na preinscrición, unha vez pasado o evento.
- 8) Cada marca expositora será responsable de que as súas vendas, produtos e situación laboral/ fiscal cumpra co marco legal vixente e de que os produtos ofrezan, nos casos que corresponda, as esixencias que marca a lei, recaendo sobre os/as participantes a responsabilidade a todos os efectos.



## **BASES DE PARTICIPACIÓN 13ª EDIÇÃO**

9) As marcas expositoras seleccionadas para participar na Feira Creativa deberán asistir ao Mercado da Estrela a tarde do venres 13, o sábado 14 e o domingo 15 de decembro de 2024 durante todo o horario de apertura do evento, non podendo participar días soltos ou medias xornadas.

10) A distribución das pezas, produtos, coleccións, elaboracións ou proxectos en exposición nos postos, deberá realizarse de xeito estético, orixinal, atractivo, navideño e ordeado para favorecer as vendas e que os clientes e visitantes leven unha impresión o máis agradable posible da súa experiencia no Mercado da Estrela.

11) Os elementos prestados temporalmente ás marcas expositoras deberán ser coidados e respectados na súa integridade orixinal, sen improvisar modificacións nin aderezos que poidan danar o material (grampas, puntas, adhesivos, etc).

12) No caso de producirse algún dano, desperfecto, mancha, desgarrado ou perda no material prestado pola Organización, sexa nos elementos do stand propio, como nos elementos do stand doutra marca participante, ou dos espazos, será a propia persoa expositora a que se fará responsable do custo do desperfecto, que será valorado e cuantificado pola Organización no momento oportuno.

13) No caso de precisar de conexión eléctrica para unha posible luz complementaria, a achegar polos expositores xunto á correspondente regleta alargadora, co obxectivo de complementar a iluminación do seu espazo, ou de ter calquera outra necesidade específica, as persoas expositoras deberán facelo constar no formulario de preinscrición no momento de solicitar praza, de forma que a Organización poida revisar a petición, valorala e favorecerla na medida do posible.

14) Non se permitirá o uso de velas, candís, radiadores, calefactores eléctricos ou de combustión, u outros elementos e/ou materiais potencialmente perigosos ou de alto consumo eléctrico por parte das marcas expositoras que poidan poñer en risco a seguridade e/ ou capacidade eléctrica do espazo, do evento e das persoas participantes, sen consulta e autorización previa, manifesta e escrita por parte da Organización.

15) Nos postos asignados expóranse só creacións, pezas, produtos, coleccións, elaboracións ou proxectos das marcas seleccionadas, non podendo traspasarse a titularidade do posto, compartilo ou prestar o espazo ou parte del a outras marcas expositoras sen o consentimento da Organización.

16) A Organización proverá ás marcas expositoras participantes de cartelas identificativas para os seus espazos, en concordancia coa imaxe deseñada para a 13ª edición do Mercado da Estrela, que deberán ser colocadas no seu stand para promocionar a súa marca e resultar recoñecibles de cara aos visitantes. O seu uso será de carácter obrigatorio, ao igual que a súa devolución á Organización ao remate da súa participación na feira o domingo día 15 de decembro.

17) A Organización resérvase a posibilidade de solicitar a unha determinada marca expositora que abandone a feira, e a de retirar total ou parcialmente as súas creacións, pezas, produtos, coleccións, elaboracións ou proxectos en exposición, no caso de que a persoa expositora, ou a súa colección, non reúna ou respecte os protocolos de seguridade, requisitos, condicións e condicionantes das bases de participación, ou ben se non colabora á hora de favorecer o agradable, prudente

## BASES DE PARTICIPACIÓN 13ª EDICIÓN



posibilitador e colaborativo desenvolvemento do evento para visitantes, compañeiras e membros da Organización.

18) A Organización non se fará responsable de posibles danos ou desperfectos causados polas persoas expositoras ao seu propio material ou stand, ao material ou stand doutras marcas expositoras, ao mobiliario, decoración, pezas en exposición, estrutura ou infraestruturas do espazo ou a outros materiais, tendo a persoa responsable que abonar os desperfectos, no caso de que así se produciran, segundo o custo que chegado o caso se determine. A Organización non se fará cargo tampouco de ningunha falta, roubo, desperfecto ou dano nas pertenzas ou mercadorías das marcas expositoras.

19) As caixas, bolsas, carriños ou maletas que utilicen as persoas expositoras para o transporte das pezas, serán gardadas polos expositores nos seus vehículos, ou nun lugar non visible para o público visitante a determinar polo expositor, de forma que se favoreza a orde e estética do evento. De gardar algún material debaixo ou detrás da mesa de exposición, este deberá quedar totalmente oculto.

20) No caso de que as marcas expositoras aporten un mantel ou semellante de seu, este **só poderá cubrir a PARTE HORIZONTAL SUPERIOR DA MESA**, deixando que o mantel provisto pola organización resulte visible na parte frontal e nos laterais da mesa.

21) As marcas expositoras non poderán mover ou manipular os stands, lonas, cartelería, setas de calor ou elementos do Mercado da Estrela sen o consentimento expreso por parte do equipo de Organización. As marcas expositoras tampouco poderán pegar, pousar, enganchar ou colocar material, cartelería ou mercadoría fóra da súa mesa, estantería ou mobiliario complementario aprobado pola Organización, dentro ou fóra do seu espazo de exposición nin sobre as paredes, o mobiliario, a decoración ou os elementos estruturais do espazo.





## ZONA SOLIDARIA DO 13º MERCADO DA ESTRELA

O **salón Peregrinos da Hospedaría de San Martiño Pinario** acollerá o servizo de gardería-ludoteca, obradoiros creativos, xogos xigantes, pequenas actuacións infantís e tamén á **Zona Solidaria do Mercado da Estrela**. Aquelas entidades solidarias e sen ánimo de lucro que desexen participar divulgando a información dos obxectivos solidarios que perseguen, poden solicitar praza no espazo cubrindo o seguinte [FORMULARIO](https://forms.gle/eGYeKnDWEvRBxb317). A Organización valorará as solicitudes recibidas intentando asignar o maior número de prazas posible en función do espazo dispoñible:

<https://forms.gle/eGYeKnDWEvRBxb317>





## ZONA FOODTRUCK DO 13º MERCADO DA ESTRELA

---

### Participación na Zona Foodtruck

A praza 8 de Marzo en Santiago de Compostela acollerá durante a 13ª edición do Mercado da Estrela a foodtrucks, carriños e remolques de comida. Dita zona contará cun espazo protexido da chuvia para que as persoas visitantes poidan almorzar, comer, merendar, cear, beber, brindar e bailar refuxiadas das inclemencias do tempo en caso de precipitacións, e integrarán sesión picadiscos para a diversión do público. No espazo haberá tamén unha barra de bebidas xestionada pola Organización que completará a oferta de restauración. Só a Organización poderá realizar venda de bebidas na Zona Foodtruck.

A Organización será a que decidirá a ubicación dos vehículos participantes seleccionados nos espazos dispoñibles segundo criterios que contemplan a dotación, características e limitacións da zona, e a tonelaxe, volume, dimensións e necesidades específicas dos vehículos participantes respecto do espazo a ocupar, tratando de velar pola satisfacción das marcas e polo mellor desenvolvemento da iniciativa e dos correctos fluxos da cidade.

Organización resérvase o dereito de cancelar ou reducir parte ou a totalidade das prazas da Zona Foodtruck e da zona protexida da chuvia na praza 8 de Marzo se, por causas ou circunstancias sobrevidas, fose necesario ou conveniente para o adecuado desenvolvemento da iniciativa, das festas de Nadal, do Mercado da Estrela, dos movementos da rúa e do barrio, do consumo enerxético, e da seguridade. No caso de que esta circunstancia acontecese unha vez adxudicadas as prazas, artellaríase un acordo coas marcas expositoras para o cambio de ubicación, ou se decidiría a cancelación do espazo ou dalgunhas das súas prazas ou subzonas.

### Os horarios da Zona Foodtruck

O horario de apertura da Zona Foodtruck do Mercado da Estrela na praza 8 de Marzo serán os seguinte:

\* **Venres 13 de decembro:** 14h a 00h.

\* **Sábado 14 de decembro:** 12h a 00h.

\* **Domingo 15 de decembro:** 12h a 22h.



## Requisitos

As marcas interesadas en vender as súas elaboracións gastronómicas na Zona Foodtruk do Mercado da Estrela que realicen a súa preinscrición, deberán enviar á Organización, mediante wetransfer a veydile @veydile.com, antes das 23:59h do venres 15 de novembro de 2024, a seguinte documentación:

- Copia escaneada do DNI da persona representante e, de ser o caso, CIF da sociedade.
- Copia da última cota pagada do réxime de autónomos, equivalente no tipo de réxime que corresponda ou declaración formal asinada polo solicitante declarando que cotizará no réxime de autónomos no mes de decembro de 2024 para axustarse á normativa
- Copia do certificado de epígrafes do I.A.E. no apartado que corresponda.
- Copia do carné de manipulación de alimentos.
- Copia da acreditación/rexistro sanitario.
- Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil.
- Desglose detallado dos aparatos eléctricos que levarán, das súas necesidades eléctricas e forma na que esperan proverse de enerxía.

## Criterios de selección

Con todas as preinscricións recibidas elaborárase unha escolma a través da cal se conformará o listado definitivo de prazas adxudicadas. Nesta selección, a Organización terá en conta, entre outros factores, os seguintes criterios:

- O enderezo fiscal das marcas (priorizarase ás marcas galegas).
- A adaptabilidade das foodtrucks, remolques, carriños e marcas gastronómicas ás dimensións dos espazos na praza
- As cualidades estéticas e funcionais da foodtruck, remolque, carriño e marca gastronómica.
- A autonomía da foodtruck, remolque, carriño e marca gastronómica en canto á provisión de enerxía para o seu funcionamento.
- O feito de que as foodtrucks, remolques, carriños e/ou marcas gastronómicas poidan funcionar sen corrente eléctrica.
- A calidade, orixinalidade, elaboración, variedade, heteroxeneidade e presentación da oferta gastronómica proposta.
- A procedencia e calidade da materia prima e elaboracións

## BASES DE PARTICIPACIÓN 13ª EDICIÓN



- A proposta de máquinas e consumos que necesitarán os postos de restauración e carriños, así como a exactitude coa que se detallen as súas características.
- A diversidade e heteroxeneidade de produtos e elaboracións ofertadas no total dos postos gastronómicos para propiciar un abano o máis amplo e atractivo posible para a venda e consumo nas diferentes horas do día.
- O feito de que os envoltorios e packacking propostos sexan biodegradables, reutilizables ou reciclables.

## Custes de participación

Establécense diferentes cotas de participación de cara á Zona Foodtruck do 13º Mercado da Estrela:

- “Cotas Foodtrucks, remolques e outros vehículos de comida”:

1) “Cuota S” - Foodtrucks de ata 2m de lonxitude: 359,5€ + IVE= **435€**

2) “Cuota M” - Foodtrucks de entre 2m ata 7m: 450,41€ + IVE= **545€**

3) “Cuota L” - Foodtrucks a partir de 7m a 11m: 640,49€ + IVE= **775€**

- “Cota carriño” - Carriños gastronómicos ou de larpeiradas de menos de 2m de lonxitude: 144,62€ + IVE = **175€**.

O número de conta onde os expositores deberán ingresar o importe correspondente á cota de participación será facilitado ás marcas seleccionadas por correo electrónico para que estas poidan realizar a transferencia bancaria chegado o momento. Este importe non será devolto aos expositores que decidan cancelar a súa participación.

## Preinscricións

Poderás enviar a túa solicitude de praza para a Zona Foodtruck do 13º Mercado da Estrela cubrindo e mandando o formulario online que atoparás no seguinte [LINK](https://forms.gle/vJYBXEqXDdxTB7pHA):

<https://forms.gle/vJYBXEqXDdxTB7pHA>



## Lista de agarda

As marcas que realicen a súa preinscrición e non resulten seleccionadas nunha primeira escolla, pasarán formar parte dunha lista de agarda a través da cal poderán ser convocadas a participar, se así o desexan, no caso de producirse algunha baixa ou cancelación no listado orixinal de marcas seleccionadas, ou unha ampliación de espazos ou recursos..Nesta lista de agarda tomaranse como referencia novamente os criterios anteriores,

## Condicións de participación

- 1) Se un posto gastronómico necesítase facer uso de microondas, prancha, grill, forno, neveira, arcón, luz complementaria ou semellantes, deberá comunicalo á Organización no propio formulario de preinscrición, indicando con detalle, tanto o tipo de máquina, como a súa forma de conexión, potencia e consumo con toda a exactitude e o rigor posible. Ditos aparatos eléctricos serán revisados pola Organización antes do arranque da iniciativa para garantir o seu bo estado e correcto funcionamento en aras da seguridade e continuidade do evento.
- 2) Nos postos asignados venderanse só elaboracións e produtos preparados polas marcas seleccionadas, non puidendo traspasarse a titularidade do posto, compartilo ou prestar o espazo ou parte del a outras marcas sen o consentimento da Organización, así como tampouco improvisar ou introducir modificacións na carta gastronómica proposta sen a aprobación expresa por parte da Organización.
- 3) A Organización, no cumprimento dos requisitos de seguridade e bo transcurso da iniciativa, terá a facultade de solicitar a unha determinada marca expositora que abandone o espazo, e a de retirar total ou parcialmente os seus produtos no caso de que o expositor ou a súa oferta non reúna ou respecte os requisitos, condicións e condicionantes sanitarios, hixiénicos, os condicionantes das bases de participación, ou ben se este non colabora á hora de favorecer o colaborativo e agradable desenvolvemento do evento para visitantes, compañeiros, compañeiras, artistas e membros da Organización, entendéndose como rexeitamento de participación o non cumprimento das presentes bases.
- 4) A marca expositora deberá xestionar a limpeza do seu stand adecuándose a todas as medidas hixénicas e sociosanitarias.
- 5) Será obrigatorio o uso de materiais desbotables e de baixo impacto ambiental de seu para servir as propostas gastronómicas de cada marca.
- 6) As foodtrucks, remolques, carriños e postos gastronómicos poderán vender comida doce e salgada, pero non bebidas, que serán vendidas en exclusiva pola Organización.

## **BASES DE PARTICIPACIÓN 13ª EDICIÓN**



- 7) No caso de ter algunha necesidade específica de cara á exposición e venda, os expositores informarán oportunamente á Organización (a través do formulario ou, posteriormente, a través de mail a [veydile@veydile.com](mailto:veydile@veydile.com)), que revisará estas peticións e intentará atendelas na medida do posible, reservándose o dereito de aceptalas e posibilitalas, ou de recomendar outras opcións de cara ao idóneo desenvolvemento do espazo do Mercado
- 8) Os expositores e expositoras encargaranse de atender o seu propio posto (xa sexa a persoa propietaria da marca persoalmente, ou unha persoa designada por el/ela para quedar ao cargo) e informarán dos nomes e apelidos das persoas delegadas.
- 9) A exposición e venda de produtos deberá realizarse de xeito seguro, hixiénico, limpo, estético, atractivo e funcional.
- 10) No caso de producirse algún dano no material cedido ou instalado pola Organización, no espazo público ou privado a ocupar, sexa na súa propia praza, como na praza, doutro participante ou no propio espazo ou materiais instalados no espazo, será o propio expositor o que se faga responsable do custo do desperfecto, que será valorado e cuantificado pola Organización no momento oportuno.
- 11) Non se permitirá o uso de velas, candís, ou outros elementos e/ou materiais potencialmente perigosos que poidan poñer en risco a seguridade do evento.
- 12) Os expositores participantes deberán levar alargadeiras de cable de seu para conectarse á toma de corrente eléctrica.
- 13) Os prezos da oferta gastronómica deberán estar á vista para que os visitantes poidan facer a súa elección de produtos o máis comodamente posible. As vendas realizadas por cada expositor no seu espazo realizaranse en Euros (€), xa sexa en efectivo ou con tarxeta.
- 14) As caixas, bolsas, carros etc, que utilicen as marcas expositoras para o transporte dos produtos a expoñer e vender ata os espazos asignados, quedarán gardadas nun lugar non visible para o público visitante a determinar polo expositor e a Organización, de forma que se favoreza a orde e estética do evento. Os vehículos das marcas expositoras deberán aparcarse nalgunha zona de estacionamento autorizado ou parking a elixir polo expositor, pero non nos arredores das Zonas do Mercado da Estrela porque non hai posibilidade de estacionamento e poden ser sancionados.
- 15) O mobiliario urbán da praza 8 de Marzo e os fluxos de tráfico e peóns deberán ser respectados. No caso de producirse algún dano, molestia, interrupción, desperfecto, ou infracción será o propio expositor o que se fará responsable das consecuencias e gasto, que será valorado e cuantificado no momento oportuno pola Administración correspondente ou pola Organización.
- 16) Os expositores seleccionados para participar na Zona Foodtruck deberá asistir ao Mercado da Estrela o venres 13, sábado 14 máis o domingo 15 de decembro de 2024 durante todo o horario de apertura do seu espazo, non

## BASES DE PARTICIPACIÓN 13ª EDICIÓN



puidendo participar días soltos ou medias xornadas.

17) Aínda que os espazos quedarán vixiados por persoal de seguridade privada durante as noites, os expositores deben levar consigo a caixa de recaudación co seu efectivo e calquera outra pertenza que consideren de valor. A Organización non se fará responsable de posibles perdas, roubos, danos e/ou desperfectos que se puideran producir no exterior ou interior das foodtrucks, remolques, carriños ou postos gastronómicos no horario de apertura do Mercado da Estrela, nin fóra dese horario.

18) Os expositores seleccionados deberán acatar e respectar escrupulosamente as indicacións das presentes bases, así como as indicacións achegadas polo equipo do Mercado da Estrela antes, durante e despois do evento, así como posibles cambios derivados de circunstancias sobrevidas ou de decisión tomadas pola Organización. No caso de que algunha persoa expositora non respecte ditas indicacións, será convidada a abandonar a actividade para preservar a seguridade e o bo desenvolvemento da iniciativa.

19) A Organización resérvase o dereito de pedir as semanas previas ás persoas representantes das marcas seleccionadas que, chegado o momento, presenten documentación complementaria á solicitada a través destas bases.

20) As tipoloxías de produtos que ofrezca cada foodtruck ou carriño gastronómico non terán exclusividade respecto doutras foodtrucks, carriños ou postos de restauración participantes.

21) As marcas seleccionadas enviarán á Organización un listado de persoas posibles que poderán substituír á persoa responsable da marca ante calquera imprevisto, incidencia, accidente, urxencia ou baixa médica sobrevida que poida impedir que a persoa e a marca expositora acuda ao evento. Esta previsión permitirá que as marcas non se vexan obrigadas a cancelar a súa participación en caso de enfermidade u outras circunstancias non previstas.

22) No caso de que o evento, a actividade no espazo, ou unha ou todas as prazas de restauración se cancelen nalguna das localizacións, as marcas expositoras recibirán de volta o importe previamente ingresado e relativo á cota de participación do espazo cancelado no caso de que non poida producirse unha reubicación.

23) Na medida do posible, e segundo as características e limitacións de cada localización, os espazos acondicionaranse para facer agradable a participación de marcas e visitantes. Aínda así, será apropiado que as persoas expositoras acudan ao evento abrigadas portantas capas textís como necesiten para lograr unha temperatura corporal comfortable, tendo en conta de que a Zona Foodtruck é exterior.

24) A Organización remitirá ás marcas expositoras unha factura correspondente ao total dos custos de participación no evento cos datos fiscais que nos faciliten na preinscrición, unha vez pasado o evento.

25) Cada expositor/a será responsable de que as súas vendas, produtos, marca e situación laboral/ fiscal cumpran co marco legal vixente e de que os produtos, elaboracións, maquinaria e utensilios ofrezan, nos casos que corresponda, as esixencias que marca a lei, recaendo sobre os/as participantes a responsabilidade a todos os

## BASES DE PARTICIPACIÓN 13ª EDICIÓN



efectos.

26. A Organización resérvase a posibilidade de solicitar a unha determinada marca expositora que abandone a feira, e a de retirar total ou parcialmente as súas elaboracións ou produtos, no caso de que a persoa expositora ou a súa oferta non reúna ou respecte os protocolos de hixiene, cordialidade e seguridade, requisitos, condicións e condicionantes das bases de participación, ou ben se este non participa positivamente á hora de favorecer o agradable e colaborativo desenvolvemento do evento para visitantes, marcas compañeiras, artistas e membros da Organización.

## Promoción e difusión

De cara á promoción do Mercado da Estrela e dos seus participantes, a Organización pide ás persoas expositoras seleccionadas que envíen por wetransfer as súas fotografías de marca favoritas ao correo electrónico [veydile@veydile.com](mailto:veydile@veydile.com), unha vez pagada a cota de participación do Mercado da Estrela e confirmada a praza por parte da Organización.

A Organización deseñará para o evento material promocional e realizará unha ampla difusión da iniciativa en redes sociais e medios de comunicación co obxectivo de lograr a máxima repercusión para a 13ª edición da iniciativa e as súas marcas participantes.

## Prazos

- **Venres 15 de novembro- 23:59h:** finalización do prazo de preinscrición a través de envío cuberto do formulario online correspondente a cada categoría inserto nestas bases de participación.
- **Venres 21 de novembro - 23:59h.** Finalización do prazo de envío de fotografías a través de wetransfer a [veydile@veydile.com](mailto:veydile@veydile.com) para aquelas marcas que teñan recibido ofrecemento de praza, pagado a cota de inscrición e recibido mail de confirmación por parte da Organización





## Aloxamento

Para que a participación no 13º Mercado da Estrela resulte o máis cómoda, agradable e económica para as marcas participantes, a Organización ven renovar un acordo coa “[Hospedería de San Martín Pinario](#)”, para que os expositores e expositoras participantes poidan desfrutar de tarifas reducidas no establecemento:

As persoas interesadas en pernoctar neste complexo desfrutando da tarifa promocional para expositores da 13ª edición, poderán chamar directamente ao establecemento especificando que son marcas seleccionadas para participar nesta edición, e reservando habitación cos seus datos e nome de marca, xestionando directamente tanto a reserva como o pago coa hospedería.



## Outros

As fotografías solicitadas pola Organización ás marcas expositoras poderán empregarse para a promoción da iniciativa e dos seus participantes en calquera medio, soporte, aplicación e plataforma.

Na medida do posible, e sen entorpecer o ritmo das vendas, a atención ao público e o desenvolvemento da actividade, as marcas expositoras facilitarán o traballo aos medios de comunicación, fotógrafos e videógrafos que cubran a 13ª Edición do Mercado da Estrela.

A Organización captará imaxes do Mercado da Estrela, o ambiente, os visitantes, as marcas expositoras, os produtos, as pezas e os stands de cara a reflectir o desenvolvemento do evento. As persoas expositoras cederán os dereitos pertinentes e relativos á súa imaxe e á do seu stand, pezas e produtos, permitindo e facilitando captar e difundir ditas imaxes para a promoción da iniciativa e do seu propio traballo.

As persoas expositoras comprométese a participar e a implicarse prudente, cordial, colaboradora, facilitadora e activamente no desenvolvemento do Mercado da Estrela para que a experiencia sexa positiva, agradable e

## BASES DE PARTICIPACIÓN 13ª EDICIÓN



enriquecedora para todos e todas.

A participación no Mercado da Estrela implica a aceptación íntegra das presentes bases, os posibles cambios e as decisións que adopte a Organización na súa interpretación e naqueles aspectos non previstos que poidan xurdir antes, durante e despois do evento, comprometéndose a adaptarse a posibles modificacións por circunstancias sobrevidas.



## Información de contacto

O Mercado da Estrela é unha iniciativa de CORREVEYDILE con CIF B-70493051, rexistrada pola Oficina Española de Patentes e Marcas (M3501156).

As persoas interesadas en participar na edición número trece da iniciativa poderán solicitar toda a información que precisen para valorar a súa posible participación no seguinte contacto: [veydile@veydile.com](mailto:veydile@veydile.com).





## Anexo de confirmación

A participación na 13ª edición do Mercado da Estrela implica a aceptación íntegra das presentes bases, e as decisións que adopte a Organización na súa interpretación e naqueles aspectos non previstos que poidan xurdir antes, durante e despois do evento, comprometéndose a adaptarse con bo talante e actitude colaborativa a posibles cambios sobrevidos ou a decisión tomadas pola Organización de cara ao bo desenvolvemento do evento.

### **Confirmación de participación e aceptación de bases (cubrir, asinar e enviar unha vez confirmada a praza por parte da Organización):**

Eu (nome e apelidos):

Con DNI:

Representante da marca:

Con CIF:

Teléfono:

Mail:

E enderezo fiscal COMPLETO en:

Asino as presentes bases confirmando a miña aceptación a todos os puntos indicados na presente convocatoria:

*(\*) A necesidade de firmar dixitalmente para envío, ou imprimir, asinar e achegar escaneado o anexo destas bases será só para aquelas marcas ás que a Organización lles confirme unha praza no 13º Mercado da Estrela e ingresen a súa cota de participación no número de conta que se lles comunicará no seu momento.*



**Grazas pola atención, o interese e a complicidade!**

**Vémonos na 13ª Edición do Mercado da Estrela!**



**#mercalocal**

**#consumelocal**

**#agasallatalentogalego**

**#apoiaotalentogalego**

**#desfrutaotalentogalego**

**#mercadodaestrela**

**#santiagodecompostela**

**#compostelaestreladonadal**

**#imosfaceronadal**